

ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

IDADE Desde os 12 anos

TITULACIÓN Graduado en Educación Secundaria Obligatoria.

CARÁCTER: Obligatorio

ORGANIZACIÓN A educación secundaria obligatoria comprende catro cursos e impártese por materias cuxa finalidade consiste en que o alumnado alcance os obxectivos educativos e adquira as competencias básicas.

Organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. En cuarto curso, debido ao seu carácter orientador, introdúcese a optatividade e pódense establecer agrupamentos de materias en opcións diversas.

DURACIÓN: 4 Cursos académicos.

OBXECTIVOS: A ESO ten como finalidade esencial que todos os alumnos adquieran as competencias básicas. Tamén pretende transmitirles os elementos básicos da cultura, desenvolver a súa capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica, afianzar os seus hábitos de estudo e de traballo, formalos para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos e preparalos para a incorporación á vida adulta e para acceder á formación profesional específica de Grao Medio ou ao Bacharelato. A Educación Secundaria Obligatoria cursarase en Institutos e Centros de Educación Secundaria.

ALTERNATIVAS AO FINALIZAR:

- Bacharelato.
- Ciclos Formativos de Grao Medio.

MATRÍCULA PARA 1º ESO

Todo o alumnado de **1º ESO** terá que cursar:

1ª Lingua Estranxeira	Lingua Castelá e Literatura
2ª Lingua Estranxeira	Lingua Galega e Literatura
Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas
Educación Física	Xeografía e Historia
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	

1º) Elixe a **1ª LINGUA ESTRANXEIRA** (marcando cun X) :

1ª LINGUA ESTRANXEIRA			
Francés	<input type="checkbox"/>	Inglés	<input type="checkbox"/>

(Recorda que a materia cursada como 1ª Lingua Estranxeira en 1º ESO, débese cursar obrigatoriamente no resto da etapa, e dicir, en 2º, 3º e 4º ESO)

2º) Elixe **unha** (marcando cun X) :

Relixión	<input type="checkbox"/>	Valores Éticos	<input type="checkbox"/>
-----------------	--------------------------	-----------------------	--------------------------

3º) Escolle **unha** materia (marcando cun X) :

OPTATIVA	
✓ Obradoiro de Música	<input type="checkbox"/>
Reforzo en Inglés	<input type="checkbox"/>

✓ **Obradoiro de Música.**

A materia de "Obradoiro de Música" en 1º ESO concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria, que lle permitirá ampliar e desenvolver os coñecementos e capacidades para gozar da música como creador/a, como intérprete e como oínte.

MATRÍCULA PARA 2º ESO

Todo o alumnado de **2º ESO** terá que cursar:

1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	Lingua Galega e Literatura
2ª Lingua Estranxeira (Francés)	Matemáticas
Educación Física	Música
Física e Química	Tecnoloxía
Lingua Castelá e Literatura	Xeografía e Historia

1º) Elixe **unha** (marcando cun X) :

Relixión	<input type="checkbox"/>
-----------------	--------------------------

Valores Éticos	<input type="checkbox"/>
-----------------------	--------------------------

2º) Escolle **unha** materia (marcando cun X) :

OPTATIVA	
Programación	<input type="checkbox"/>
Reforzo en Inglés	<input type="checkbox"/>

Programación.

O obxectivo desta materia é comprender e manexar o linguaxe de programación. A través de actividades como a elaboración de videoxogos no entorno Scratch e páxinas web co linguaxe html.

MATRÍCULA PARA 3º ESO

Todo o alumnado de 3º ESO terá que cursar:

1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	Lingua Castelá e Literatura
Bioloxía e Xeoloxía	Lingua Galega e Literatura
Educación Física	Música
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Tecnoloxía
Física e Química	

1º) Elixe a opción de **Matemáticas** que prefiras (marcando cun X) :

MATEMÁTICAS	
Orientadas ás Ensinanzas Académicas	<input type="checkbox"/>
Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas	<input type="checkbox"/>

2º) Elixe **unha** (marcando cun X) :

Relixión	<input type="checkbox"/>
-----------------	--------------------------

Valores Éticos	<input type="checkbox"/>
-----------------------	--------------------------

3º) Escolle se queres ou non a **Sección Bilingüe** nas seguintes materias (marcando cun X) :

Xeografía e Historia			
BILINGÜE	<input type="checkbox"/>	NON BILINGÜE	<input type="checkbox"/>

4º) Escolle **unha** materia (marcando cun X) :

OPTATIVA
Cultura Clásica
2ª Lingua Estranxeira (Francés)

Cultura Clásica

A Cultura Clásica é unha materia optativa de 3 horas que pode ser útil a calquera estudante, sexa de ciencias ou de letras, pero que sen dúbida é imprescindible para todos os que estean interesados nun bacharelato non científico. Nesta materia faise unha aproximación ao mundo grecorromano en todas os seus vertentes, dende a historia a mitoloxía, dende o seu medio xeográfico ás grandes batallas, dende os seus avances científicos e sociais ás súas curiosidades e rarezas. O mundo clásico pervive en nós en moitas máis formas das que pensamos: a democracia, o dereito, a filosofía, a astronomía, a medicina, o ideal de beleza O cine, a literatura, o arte en xeral bebe das fontes clásicas. O noso mundo occidental só se pode comprender achegándonos aos nosos antepasados gregos e romanos para admiralos e engancharnos ao seu peculiar xeito de entender a vida.

MATRÍCULA PARA 4º ESO ENSEINANZAS ACADÉMICAS

Todo o alumnado de 4º ESO (ENSEINANZAS ACADÉMICAS) terá que cursar:

1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	Lingua Castelá e Literatura
Educación Física	Lingua Galega e Literatura
Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas	

1º) Elixe como queres cursar a seguinte materia (marcando cun X) :

Xeografía e Historia			
BILINGÜE	<input type="checkbox"/>	NON BILINGÜE	<input type="checkbox"/>

2º) Elixe unha materia (marcando cun X) :

Relixión	<input type="checkbox"/>
----------	--------------------------

Valores Éticos	<input type="checkbox"/>
----------------	--------------------------

3º) Elixe o Itinerario que prefiras (marcando cun X) :

ITINERARIO A	
Bioloxía e Xeoloxía Física e Química	<input type="checkbox"/>

ITINERARIO B	
Economía Latín	<input type="checkbox"/>

4º) Numera por orden de preferencia as materias seguintes, das que cursarás unha:

1ª OPTATIVA			
Cultura Clásica	<input type="checkbox"/>	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	<input type="checkbox"/>
Filosofía	<input type="checkbox"/>	Tecnoloxía	<input type="checkbox"/>

(Recorda que se cursaches Cultura Clásica en 3ª ESO non podes cursala en 4ª ESO)

5º) Numera por orden de preferencia as materias seguintes, das que cursarás unha:

2ª OPTATIVA			
Cultura Científica	<input type="checkbox"/>	Francés	<input type="checkbox"/>
Música	<input type="checkbox"/>	TIC	<input type="checkbox"/>

MATRÍCULA PARA 4º ESO ENSEINANZAS APLICADAS

Todo o alumnado de 4º ESO (ENSEINANZAS APLICADAS) terá que cursar:

1ª Lingua Estranxeira (Inglés)	Lingua Galega e Literatura
Educación Física	Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas
Lingua Castelá e Literatura	Xeografía e Historia

1º) Elixe **unha** materia (marcando cun X) :

Relixión	<input type="checkbox"/>
-----------------	--------------------------

Valores Éticos	<input type="checkbox"/>
-----------------------	--------------------------

2º) **Numera** por orden de preferencia as materias seguintes, das que cursarás **dúas**:

MATERIAS TRONCAIS	
Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional	<input type="checkbox"/>
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	<input type="checkbox"/>
Tecnoloxía	<input type="checkbox"/>

3º) **Numera** por orden de preferencia as materias seguintes, das que cursarás **unha**:

1ª OPTATIVA			
Cultura Clásica	<input type="checkbox"/>	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	<input type="checkbox"/>
Filosofía	<input type="checkbox"/>	Ciencias Aplicadas a Actividade Profesional	<input type="checkbox"/>
Tecnoloxía	<input type="checkbox"/>		

(Recorda que se cursaches Cultura Clásica en 3ª ESO non podes cursala en 4ª ESO)

4º) **Numera** por orden de preferencia as materias seguintes, das que cursarás **unha**:

2ª OPTATIVA			
Cultura Científica	<input type="checkbox"/>	Francés	<input type="checkbox"/>
Música	<input type="checkbox"/>	TIC	<input type="checkbox"/>
Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial			<input type="checkbox"/>

Música

Na actualidade a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Esta materia ensina a identificar estilos e características musicais de cada período histórico, incluíndo a música popular urbana ao longo do século XX, e achega ao alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

Bloque 1. Expresión plástica

Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade utilizando diferentes soportes e técnicas.

Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva

Bloque 2. Debuxo técnico

Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. Tanxencias e enlaces. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.

Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas.

Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, . Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. Realización dun storyboard. Análise crítica da linguaxe publicitaria.

Cultura Científica

Repetidas veces, os medios de comunicación informan sobre cuestións científicas e tecnolóxicas de actualidade. A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado avalíe enunciados relacionados con estas cuestións, trátase de que os cidadáns sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico.

O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, formar parte do desenvolvemento curricular na aula. A materia de Cultura Científica servirá para o desenvolvemento das competencias, a través da realización de tarefas grupais que supoñan compilar e organizar información, expola de xeito oral e escrito, elaborar presentacións, defender as opinións propias en debates e outras situacións de aula.

En cuarto curso de ESO, a materia de Cultura Científica establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.

Tanto en cuarto de ESO como en primeiro de bacharelato, no bloque 1 establécense os procedementos de traballo para abordar os contidos dos outros bloques de coñecemento.